JALEOS

Isaki Lacuesta, 2026

1860

ESTREA EN NUMAX: 20.11.2026 | V.O. | +7 | 79 min

A historia do flamenco está intimamente ligada á modernidade e ao nacemento das máquinas. Entre o conto e o ensaio, Jaleos propón unha viaxe por episodios sorprendentes e pouco coñecidos: do primeiro filme de Edison coa bailaora Carmencita á fascinación flamenca do nazismo e as vangardas artísticas. Un percorrido polos séculos XX e XXI, atravesando o mundo e conectando flamenco, política, arte e historia, guiado por un coro de voces diversas, con artistas contemporáneos e figuras clave do flamenco.

«A perfecta combinación de coñecemento, intelixencia e sensibilidade. Obra total»
Alejandro G. Calvo, SENSACINE

Título orixinal: Jaleos
Ano: 2026
Duración: 79 minutos
Idioma orixinal: Español
Dirección: Isaki Lacuesta
Guión: Isaki Lacuesta, Pedro G. Romero, Luis E. Parés
Elenco: Rocío Molina, C. Tangana, Alba Flores, Soleá Morente, Rocío Molina, Georges Didi-Huberman, Pedro G. Romero
Montaxe: Sergi Dies, Marcos Flórez
Son: Amor Castro Fernández, Diana Sagristà
Música: Susana Hernández
Fotografía: Adriana Vila, Lara Lara Vilanova
Produtora: Lastor Media, La Termita Films, Goroka TV
Distribuidora: Bteam Pictures

PREMIOS E FESTIVAIS
Donostia 2026 (Zabaltegi-Tabakalera)



EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Entrevista con Isaki Lacuesta: «Descubrín que o flamenco é todo o que eu pensaba que era, pero tamén todo o contrario»

Por Mario Peña Pérez

Teño a sensación de que o documental está estruturado arredor da máxima que se cita na película: «Buscar as raíces é só unha forma subterránea de andarse polas ramas». Que significado lle dás a esta frase e como influíu na película? É unha frase de José Bergamín que Pedro G. Romero utiliza moi a miúdo e que ten que ver co fondo conceptual da película e tamén coa forma, sobre todo esta idea de que sempre que estamos a buscar a orixe primixenia, o que aparentemente nos liga todo o máis local e ultranacionalista, e máis tarde descobres que iso non é verdade. Formalmente a idea é que poida funcionar por asociación de ideas, que moitas veces é máis frutífero e real que as estruturas sexan causais, narrativas. Queriamos que *Jaleos* funcionase como unha caste de faladoiro que puidese desenvolverse por esta xustaposición de voces e esta frase de Bergamín funcionaba moi ben como lema.

As formas do teu cine, e especialmente as de *Jaleos*, lembran aos movementos explosivos, rápidos, viscerais e aparentemente inconexos do flamenco. De onde nace a túa fascinación por esta arte e de que xeito influíu na túa concepción do cine? Nesta asociación coas formas do flamenco, a min o que máis me impactou é cando Pedro G. Romero fai notar que o flamenco é unha arte da montaxe. De feito, case todas as disciplinas traballan por montaxe, en realidade rara é a que non funciona así. Pero no flamenco é moi notorio cando ves que as letras das cancións en España, sobre todo os romances, eran narrativos e avanzaban contando unha historia, e o flamenco o que propón é unha poética distinta na que cada estrofa funciona por xustaposición e moitas veces son estampas, ideas ou microrelatos. E no momento no que Pedro G. Romero fai notar que as bulerías se desenvolveron á vez, que a montaxe foi en paralelo, é dicir, os anos 10 do século XX, a min iso paréceme superfrutífero, porque é un pensamento que rompe con todos os tópicos que pensamos coñecer do flamenco como algo moi antigo.

A min chégame a fascinación moi tarde, porque eu veño de familia vasca, medro en Banyoles e tiña esta idea do flamenco como algo formalmente adocenado, politicamente rancio e asociado practicamente ao ultranacionalismo español e ao franquismo. Entón é na adolescencia cando empezo a escoitar primeiro Kiko Veneno, despois Pata Negra, primeiro un pop aflamencado e a partir de aquí chego a Camarón, e de Camarón xa me vou abrindo a unha chea de cousas. Pero chego tarde e chego coma se fose un xaponés. E aí descubro toda a potencia emocional e entendo que o flamenco é todo o que eu pensaba que era, pero que ademais é todo o contrario. Iso é o que máis me interesa, que é simultáneo moitas veces.

Ao ver a túa filmografía resulta inevitable lembrar a Chris Marker, Jean Rouch ou José Val do Omar, especialmente por esa concepción da montaxe como unha forma de pensamento. Chris Marker para min é moi importante e é un dos cineastas dos que máis aprendín e aos que me sinto máis afín. Sobre todo cando recontextualiza imaxes e entendes que significaban cousas distintas ás que crías. Diríache que hai unha parte de traballo feito a partir da documentación e do guión. O guión serve como un primeiro cribado de materiais e como unha primeira ordenación. É como un traballo por etapas e cada etapa vai sumando unha capa nova de concreción.

Publicado en cinemaldito.com

Na libraría
NUMAX
numax.org/libraría

El ojo partido,
Pedro G. Romero.
Athenaica

Wittgestein, los gitanos y los flamencos,
Pedro G. Romero.
Arcàdia

NUMAX 10
numax.org